Premio Antonio García Hermida

Lema: Adolescencia

POEMA

**PRIMEIRO PREMIO:**

**Maria do Cebreiro Rábade Vill**
**Rúa dos Xazmíns,7-3º-15.704**
**Santiago.tfno.981.587750**

O que antes era odio
é agora tristeza
e bágoa triste
que esbara lentamente.
É bágoa solitaria
que me converte en eco
de verán tormentoso.
É bágoa que me obriga a baleirarme.

O que antes era ira
agora é dor,
lamentos nunha tarde
de ruídos que foxen,
ruídos silenciosos
que se afastan de min
deixándome nas tebras,
ruídos que me invitan a perderme.

O que antes era negro
agora é gris
de espírito que escapa,
da alma que me invade.
É alma misteriosa

repleta de silencios,

pobre alma arrebatada

que xa non me pertence.

¿E que me importa agora

saber que olvidarei

o mal que me consome?

Ninguén me quere crer

que a dor é dor

tan só mentres se vive.